



## MOCIÓN SOBRE A SENTENCIA QUE ANULA OS ACORDOS MUNICIPAIS TOMADOS PARA A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE COMBUSTIÓN DE BIOMASA EN PONTEVEA

Tendo en conta:

- Que o 11 de Outubro do ano 2001 a Comisión de Goberno do Concello de Teo concedeu a entidade Maderas Cajaraville S.L licencia de obras para a construción dunha planta de combustión de biomasa no lugar de Pontevea-Reis
- Que na sesión plenaria do 21 de Novembro do 2001 acordouse cos votos en contra do grupo municipal do B.N.G, informar favorablemente da concesión da devandita licencia “porque no expediente se cumpriron todas as prescricións legais”.
- Que o 13 de Marzo do 2002 o Concello acordou conceder a Maderas Cajaraville SL licencia de actividade e posta en funcionamento da planta de combustión e biomasa en Pontevea.
- Que eran coñecidas por toda a Corporación as alegacións presentadas por veciños de Reis contra o proxecto da empresa Maderas Cajaraville SL pola instalación da devandita caldeira, veciños que ante a indefensión na que se atopaban, decidiron recurrir estes acordos por vía xudicial.
- Que a empresa Maderas Cajaraville é propiedade dun membro da Comisión de Goberno, que exercía como tal cando aconteceron os feitos.
- Que con data 23 de Febreiro do 2004 o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela perante a denuncia veciñal acordou declarar a non conformidade a dereito dos actos administrativos que permitiron a instalación e posta en marcha da caldeira de biomasa.

O Grupo Municipal do B.N.G propón a adopción do seguinte acordo:

1. Demandar que se dé conta ó pleno da devandita sentenza.

2. Solicitar do grupo de goberno información das decisións que se adoptaron ou se teñen pensado adoptar perante esta sentenza tanto no eido político como no xudicial.
3. Esixir as responsabilidades políticas derivadas desta actuación ilegal que atinxen a todas as persoas que ampararon as decisións sancionadas pola xustiza.

En Teo a 19 de Marzo do 2004

O Ptvoz do Grupo Municipal do B.N.G

Asdo Martiño Noriega Sánchez

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO**